

@obradorodocoñecemento

GRETA THUNBERG

GRETA É UNHA ESTUDANTE QUE QUERE DETER O QUECEMENTO GLOBAL.



SABÍAS QUE...?

O CAMBIO CLIMÁTICO É UN TERMO QUE SE UTILIZA PARA DEFINIR O CAMBIO DE TEMPERATURA QUE EXPERIMENTA O PLANETA. PRODÚCESE POLOS ALTOS NIVEIS DE DIÓXIDO DE CARBONO QUE ASCENDEN Á ATMOSFERA E PROVOCAN O QUECEMENTO GLOBAL.

COMO É A FAMILIA DE GRETA?

A nai de Greta chámase Malena Ernman e é unha cantante de ópera que viaxou por todo o mundo. O seu pai chámase Svante Thunberg e é un actor e un escritor. Greta ten unha irmá pequena que se chama Beata. Todos os membros da familia de Greta loitan contra o quecemento global.



QUE APRENDEU GRETA SOBRE O CAMBIO CLIMÁTICO?

Desde moi pequena, Greta aprendeu a aforrar electricidade e a non desperdiciar á auga ou a comida. Cando se lle pregunta o motivo polo que facía isto, Greta respondía “polo cambio climático”. Ao principio, Greta non entendía o motivo polo que a xente ignoraba o tema.

Greta empezou a facer pequenos cambios no seu día a día. Deixou de consumir produtos que procedían dos animais e deixou de comprar cousas que non necesitase. En 2015, Greta decidiu que xamais volvería viaxar en avión polo impacto que o seu combustible ocasiona no medioambiente.

Greta compartiu todo o que aprendera coa súa familia e accederon a facer o mesmo. A nai de Greta deixou de viaxar en avión por todo o mundo. Este feito fixo que Greta empezase a compartir información sobre o cambio climático con máis xente.

Que fixoo Greta?

Á IDADE DE 15 ANOS, GRETA SABÍA QUE TIÑA QUE FACER ALGO. CANDO O CURSO ESCOLAR EMPEZOU, GRETA TOMOU A DECISIÓN DE FACER FOLGA, ALEGANDO QUE NON VOLVERÍA PISAR A AULA ATA QUE PASASEN TRES SEMANAS. EN LUGAR DE IR A CLASE, SENTOU NO EXTERIOR DA SEDE DO GOBERNO DE SUECIA. ENTREGOU PANFLETOS Á XENTE E ANIMOU AOS DEMAIS A ACTUAR CONTRA ‘A CRISE CLIMÁTICA’. GRETA ESTABA FURIOSA COS GOBERNOS DE TODO O MUNDO PORQUE PARECÍA QUE NON LLES IMPORTABA QUE A TERRA ESTIVese A SUFRIR.



Na actualidade, as protestas de Greta expandíronse. Os nenos de todo o mundo tamén loitan por salvar o planeta.

O 8 de setembro, Greta dixo que faría folga cada venres ata que os gobernos empezasen a actuar. Empezou un movemento chamado 'Venres polo futuro'. Hoxe en día, hai máis de 5000 folgas todos os venres por parte de estudantes de todo o mundo.

Que é o que di Greta??

O QUECEMENTO GLOBAL TAMÉN SE DENOMINA CAMBIO CLIMÁTICO. GRETA DI QUE SE NON FACEMOS NADA POR EVITALO, O SEGUINTE SUCEDERÁ:

- QUE O MUNDO TAL COMO COÑECÉMOLO CHEGUE AO SEU FIN NO FUTURO
- QUE OS NENOS NON TEÑAN UN FUTURO GARANTIDO
- GRETA TAMÉN DI QUE O MOMENTO DE ACTUAR É AGORA E QUE TEMOS QUE ESCOITAR AOS EXPERTOS E AOS CIENTÍFICOS



PREGUNTAS

1. De que nacionalidade é Greta? Escolle unha.

Británica
Sueca Suíza Serbia

2. Que membro da familia de Greta é unha cantante de ópera?

Beata
Svante
Malena
Greta

3. Numera os seguintes eventos en orde cronolóxica.

As noticias sobre a protesta de Greta esténdense.
Greta non foi ao colexio durante tres semanas.
Greta escoita por primeira vez as palabras 'cambio climático'.
Greta comparte coa súa familia todo o que aprendeu.
Greta empeza a facer pequenos cambios no seu día a día.

4. Como se chama o movemento que Greta creou? Escolle un.

Os venres son divertidos
Os venres son para o futuro
Venres polo futuro
Futuro para a liberdade

5. Que significa a palabra 'expandir'?

6. Elixen dúas palabras que describan a Greta Thunberg.

